

## ROTA PONDALIANA\*

---

\* Adaptación a cargo da Asociación de Escritores en Lingua Galega sobre un traballo orixinal de:


Manuel Ferreiro Fernández, Catedrático na UDC (Filloxía Galega e Portuguesa); Plácido Lizancos Mora, Arquitecto; Carlos Paulo Martínez Pereiro, Catedrático na UDC (Filloxía Galega e Portuguesa), Ana Sogo López, Arquitecta.

A todos eles, o máis sincero agradecemento.

Co patrocinio da Consellaría de Cultura e Turismo



**XUNTA  
DE GALICIA**



**XACOBEO 2010  
Galicia**

## XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A figura do Eduardo Pondal como un dos grandes personaxes do noso século XIX vén marcada polas dúas grandes liñas mestras que a seguir se mencionan:

- a) a súa importantísima contribución literario-cultural ao *Rexurdimento*,
- b) e a achega impar á consolidación da identidade nacional de Galiza.

Se a isto lle engadimos que o territorio real (as Terras de Bergantiños, Xallas e Soneira), que se converte na elaboración lírica pondaliana en territorio mítico-poético, ten o suficiente valor de seu como para a fixación dunha rota pondaliana.

Na obra pondaliana a xeografía é algo máis do que puro marco paisaxístico: asistimos á mitificación dos topónimos, á adquisición do valores simbólicos, á súa conversión en nomes de personaxes dotados dun protagonismo relevante na cosmovisión poética do Bardo.

Por tanto, a rota terá que se basear non soamente no establecemento daquelas localizacións importantes de carácter autobiográfico e/ou nas de tipoloxía literaria e cultural, senón tamén, -e solidariamente-, na calidade obxectiva dos fitos da rota pondaliana; sempre procurando unha distribución estratéxica e equilibrada nas comarcas do Bergantiños, Xallas e Soneira -cerne xeográfico-simbólico da lírica do Bardo- dos elementos dunha e outra procedencia.

Por outra banda, resulta evidente a necesidade dun rigoroso proceso selectivo dentro da inxente acumulación de referentes xeográficos ligados á vida e obra do Poeta.

En liñas xerais, pódense distinguir catro grandes grupos de puntos xeográfico-literarios e/ou simbólico-culturais na proxectada rota:

1. Localizacións biográfico-simbólicas (alén da propia casa natal) como Nemiña ou Anllóns.
2. Lugares naturais de intensa presenza literaria na obra de Eduardo Pondal: o monte Branco, Niñóns, Nariga, etc.; ou mesmo sitios como o figueiral de Mórdomo e outros tirados do vocabulario toponímico que deixou elaborado (manuscrito) o propio escritor, como o Xungal dos Mazaricos.
3. Monumentos de valor arqueolóxico: castros (o de Oca, por exemplo), dolmens (os de Dombate, Ogas, Piosa, etc.) ou mesmo outras construcións diversas (por exemplo, a ponte Dona) das que se pondera o seu interese.
4. Topónimos-antropónimos de carácter lendario e de connotacións mítico-literarias: a fada Morpequite, o bardo Gundar, os heroes e heroínas celtas Brandomil e Rentar, entre outros.

As razóns últimas que permitirán a consideración de fitos na rota cultural pondaliana, baseadas nun exhaustivo traballo de campo que provocou unha apurada selección, son as seguintes: as consideracións culturais con implicacións proteccionistas (valor arqueolóxico, urbanismo, etc.), o interese como hábitats naturais e mais a localización espacial coherente na xeografía poética e real de Eduardo Pondal.

Resulta evidente que estes criterios xerais sufriron unha limitación. Para a fixación dunha rota, a dispersión xeográfica é un elemento distorsionador porque dificulta a materialización dunha rota cuxa funcionalidade depende en grande parte da concentración dos seus elementos.

Comezouse por unha descrición xeral do territorio onde se asenta a rota para, despois con maior concreción, definir cada un dos puntos que se considera deberán constituír os fitos da rota.

## SUB-ROTAS

Finalmente, suxírense un grupo de sub-rotas menores e complementares que permitirán un coñecemento máis detido das terras pondalianas.

Estas sub-rotas<sup>†</sup> son as seguintes:

### *Ponteceso*

|                       |     |
|-----------------------|-----|
| Anllóns (río)         | (1) |
| Barra                 | (1) |
| Borneiro              | (1) |
| Branco                | (1) |
| Dombate               | (1) |
| Faro (monte)          | (3) |
| Fins (San) de Anllóns | (2) |
| Godomil               | (3) |
| Nariga                | (3) |
| Niñóns                | (3) |
| Ponteceso (conxunto)  | (2) |
| Santo Adrián          | (3) |
| Sisargas              | (2) |

### *Coristanco*

|                  |     |
|------------------|-----|
| Alto de Ferreira | (3) |
| Castro de Oca    | (3) |
| Ponte Dona       | (3) |
| Verdes           | (2) |

### *Nande*

|              |     |
|--------------|-----|
| O Aprazaduro | (3) |
| Mórdomo      | (2) |
| Nande        | (3) |
| Pasarela     | (2) |
| Traba        | (2) |
| Vilán        | (1) |

### *Ría de Lires*

---

<sup>†</sup> Aparecen a continuación seguidas dunha valoración numérica de carácter aproximativo. Resulta da combinación de criterios de importancia ambiental e literaria:

(1) **Singular**: fito cunha importancia que transcende a súa inclusión na Rota Pondaliana.

(2) **Alta**: elemento básico que articula a Rota.

(3) **Media**: punto de interese parcial.

Nemiña (2)

*Encoro da Fervenza*

Brandomil (1)

Piosa (2)

*Muxía*

Morpeguite (2)

## TERRITORIO DA ROTA PONDALIANA

### AS TERRAS

#### *Terra de Bergantiños*

A Terra de Bergantiños comprende a totalidade dos concellos da Laracha, Carballo, Coristanco, Malpica e mais a Ponteceso. Abrangue tamén amplas zonas dos de Laxe, Cabana, Arteixo e a parroquia tordoiesa de Anxeriz. Todos eles ocupan 735 qm<sup>2</sup> que desbordan a bacía do Anllóns.

Nunha perspectiva topográfica, a Terra de Bergantiños é unha plataforma de erosión que descende desde a meseta do Xallas até o nivel do mar, deixando en resalte algúns montes rochosos.

A costa bergantiñá forma unha ampla enseada rica en accidentes xeográficos: illas, tómbolos, mariñas, illós, areais, cabos e rías.

No extremo máis setentrional da costa, fronte ao cabo de Santo Adrián, xorden as illas Sisargas. Este arquipélago está constituído por tres illas maiores: Sisarga grande, Malante, Sisarga chica, e varios illotes.

A ría de Laxe, por outra banda, destaca como outro accidente significativo nesta costa bergantiñá. Nela pódense distinguir dúas zonas, afastadas pala barra fluvial: o esteiro do Anllóns (vid. Branco, monte) e a ría propiamente dita.

Tamén cómpre salientar a areal de Baldaio que, a pesar do grande impacto ao que foi sometido, continúa a ser un punto de interese ecolóxico e xeolóxico.

A vexetación, como consecuencia duns solos fértiles e pouco ácidos, presenta unha grande variedade, xa cantada por Eduardo Pondal:

*¡Ouh, terra da Bergantiños,  
roxo ó arar, nobre e testa,  
doce á vista desde lonxe,  
donde vin a lus primeira! (QP<sup>‡</sup> 12.1-4)*

Así, bordeando toda a comarca desde os montes de Arteixo, no Norte, deica as terras altas nas lindes con Xallas, no Leste, aparece unha grande masa de toxeias que completa unha auréola sobre o mapa até chegar aos montes graníticos de Corme e Malpica. Esta grande auréola circunda as terras ribeirás do Anllóns, onde as extensas superficies vexetais predominantes son as de piñeirais, nas que os eucaliptos van aparecendo progresivamente con maior frecuencia:

---

<sup>‡</sup> As siglas utilizadas para referirse ás obras de Eduardo Pondal son as seguintes:

QP: *Queixumes dos pinos* (1886)

DD: *Dolmen de Dombate* (1895)

CA: *Campana de Anllóns* (1895)

PI: Poemas impresos, nunca editados en libro.

VT: Vocabulario toponímico de Pondal.

Os números que aparecen a continuación das siglas corresponden respectivamente ao número de poema e ao verso ou versos citados. En PI, o número de poema responde á ordenación cronolóxica.

*iOuh, terra de Bergantiños,  
ben te vexo, desde lonxe  
cos teus trigos e os teus pinos! (QP 12.17-19)*

Das primitivas carballeiras ou fragas tan só restan, alén do topónimo da capital comarcal, pequenas masas espalladas, en claro retroceso.

A comarca de Bergantiños é unha terra moi poboada se comprobarmos que a súa densidade de poboación é superior ás medias provincial e galega. Non obstante, a distribución do elemento humano non é uniforme en todo o territorio, dado que a mellor parte se acumula nas parroquias setentrionais atraídas pola proximidade da grande cidade, mentres que as meridionais presentan unha densidade demográfica menor.

A Terra de Bergantiños está articulada en torno de Carballo, núcleo que supera os 18.600 habitantes, onde se desenvolven as funcións terciarias propias dunha capital. Outros núcleos de importancia secundaria son os de Malpica, Ponteceso, Corme, A Agualada, Coristanco e Buño.

### *Terra de Xallas*

A Terra de Xallas comprende os concellos de Mazaricos e Santa Comba (agás a parroquia de San Pedro de Ser) e mais algunha parroquia dos concellos de Dumbría (Olveira e Olveiroa) e Zas (Muíño, Brandoñas e Brandomil). A parroquia de Serramo (Vimianzo) está a cabalo entre Soneira e Xallas.

Esta terra, *nai das uces*, (QP 28.29), é unha zona eminentemente chá onde a horizontalidade é o trazo predominante en todo o territorio; mesmo se podería afirmar que a comarca á unha inmensa planicie de 480 qm<sup>2</sup>, que vai do monte Castelo a Ézaro, onde se precipita desde os 300 m de altitude até o nivel do mar. A pesar da escasa altitude media (350 m), as xentes da comarca considéranse montañeses.

A vexetación arbórea é extremadamente pobre, probabelmente debido á dura climatoloxía e ao carácter rochoso do seu solo *de uces nutriz* (QP 33.8). Escasean, pois, os piñeirais e tamén as fragas fronte á abundancia do eucalipto, que vai desprazando as especies autóctonas. Non obstante, nas beiras dos ríos aínda é importante a presenza de salgueiros, amieiros e máis bidueiros.

O toxo é a especie non arbórea de maior implantación, até o extremo de que a cor amarela das súas flores tinxe amplas extensións xalleiras. O poeta lembra a súa travesía por estas ermas terras, cando de mozo ía estudar a Santiago:

*Cando eu era estudante  
e ó doce albergue tornaba,  
lento cruzando a cabalo  
a fea terra de Xallas,  
ó atravesar silencioso  
as soas e esquivas gandras,  
(...)  
pola agreste soedade  
pensativo camiñaba. (QP 23.9-18).*

Sendo baixa a densidade poboacional, resulta bastante elevada a frecuencia de núcleos humanos (unha entidade cada 1'6 qm<sup>2</sup>) que, ademais, teñen unha dimensión superior á

habitual no País. O hábitat é, pois, disperso, aínda que os núcleos son relativamente grandes e cunha distribución irregular, existindo grandes áreas totalmente despoboadas.

Consecuentemente, a superficie cultivada representa unha pequena porcentaxe da extensión total, onde decote se poden ver as *feraas bandadas dos corvos vagamundos* (QP 62.22-23) que, poeticamente, aparecen como os animais caracterizadores desta bisbarra:

*Feros corvos de Xallas,  
que vagantes andás  
en salvaxe compañía,  
sin hoxe nin mañán,  
¡quen poidera ser voso compañeiro  
pola qandra longal!* (QP 62.1-6)

### *Terra de Soneira*

Seguindo os criterios xeográfico-espaciais de Xosé María Lema Suárez, a Terra de Soneira abrangue aqueles territorios delimitados pola liña que une os máis altos cumes, comprendendo aquelas zonas drenadas polo río Grande e os seus afluentes.

Esta delimitación xenérica complementábase con determinantes de carácter socio-económico de tal xeito que se axusta definitivamente coa inclusión ou exclusión das parroquias, segundo manteñan ou non algún tipo de relación coa comunidade territorial.

Así pois, Terra de Soneira abranguería 260 qm<sup>2</sup> de extensión por 26 parroquias de 4 concellos (13 de Zas, 8 de Vimianzo, 3 de Cabana e 2 de Laxe).

Soneira é unha terra de transición, conformada como unha chaira con suaves relevos, entre as terras altas de Xallas e a costa.

A pesar da súa unidade socio-xeográfica diferéncianse tres zonas: o val de Soneira, a bacía do río Vilar e mais o amplo val de Vimianzo. As tres son terras baixas, independentes e separadas por suaves cumes que rara vez ultrapasan os 500 m. As súas altitudes son diferentes, sendo a máis baixa a do val de Vimianzo (120-130 m) e a máis alta a da bacía do Vilar (240 m)

A vexetación é abundosa, ficando tan só os cumes máis altos e as abas máis encostadas ou batidas do vento sen vexetación de porte arbóreo. As especies máis comúns son o piñeiro e o eucalipto, de rápido crecemento, que están a gañar terreo ás tradicionais carballeiras e soutos até o extremo de que algúns destes biótopos, mesmo dos cantados por Pondal, poden darse por perdidos.

A existencia dun singular microclima no val de Traba e Nande (mercé á súa protección dos húmidos ventos do Suroeste polos penedos de Traba, permite que nel medren árbores máis propias doutras latitudes (laranxeiras, mandarineiros, limoeiros, figueiras, etc.) así como unha grande variedade de produtos hortícolas.

A poboación da comarca é escasa. Soneira carece de núcleos urbanos que capitalicen e centralicen as súas actividades económicas.

As zonas máis densamente poboadas localízanse na liña da estrada A Coruña-Fisterra e nalgunha parroquia costeira. Pola contra, nas zonas máis meridionais, pertencentes ao concello de Zas, existen amplos territorios totalmente despoboados e mesmo incultos.



Diacronicamente, Vimianzo e Laxe (*a areosa*, QP 18.45) foron dous núcleos históricos de importancia polo asentamento de familias de ascendencia nobre da Terra. Laxe foi, ademais, o porto exportador dos produtos soneiráns.

Na actualidade, estas dúas vilas, xunto con Baio, constitúen os núcleos poboacionais máis importantes da bisbarra. Este último desenvolveuse contemporaneamente debido, sobre todo, á importancia acadada pola feira quincenal, que se transformou no único feito económico centralizador da economía comarcal.

## OS RÍOS

*Ao pobo dos celtas xeneroso,  
de excelso nome e verbo peregrino,  
saluda o bardo do Anllóns undoso (PI 37.1-3)*

### *Anllóns*

O río Anllóns recolle as augas de grande parte da Terra de Bergantiños:

*augas do Riobó,  
río de Bergantiños,  
xentil e soador,  
cando da Baiabosa  
sae con rouco ton,  
entre miúdos seixos  
de branca e leda cor,  
buscando o brando seo  
do seu maior, o Anllóns (QP 34.4-12)*

É un auténtico eixo espacial organizador de toda a comarca, dividíndoa en dous sectores ben definidos: un, máis próximo á costa, correspondente á marxe dereita do río, e outro interior, pola marxe esquerda.

Á dereita do río a paisaxe confórmase en vales moi abertos que, con leves pendentes, se cerran nunha liña de outeiros paralela á costa, dunha altitude media de 200-300 m. As terras da beira esquerda presentan unha topografía bastante máis abrupta, con vales encaixados e abas de marcadas pendentes.

O Anllóns introdúcese no seu territorio de diferentes modos en cada un dos típicos sectores do perfil fluvial. Preto do seu nacemento, no monte Pedrouzo (Soandres, Laracha), e durante oito quilómetros, ten carácter torrencial, labrando a súa canle no granito; no segundo tramo (corenta quilómetros), de máis plácido perfil, o río discorre sobre moles anfibolitas e xistos do seu curso medio; no percorrido final, que só inicia á altura de Corcoesto debuxando amplos meandros, o Anllóns, discorrendo por unha extensa mariña -parcialmente desecada- na que alternan xuncais e edificios illados de catro e cinco alturas nunha absoluta desorde urbanística, desemboca en Ponteceso:

*Eu nacín en agreste soedade,  
eu nacín cabo dun agreste outeiro,  
p'ronde o Anllóns, con nobre maxestade,  
camiña seu destino derradeiro. (PI 15.1-4)*

Neste derradeiro tramo o río, encaixado entre altos diques, anchea notoriamente formando un esteiro. O desaugamento no mar efectúase a través dunha estreita canle de marxes variábeis. A acción das correntes mariñas e eólicas produciu na desembocadura un grande areal que, a pesar da continua e intensa extracción de area que ten padecido, conserva aínda un importante campo de dunas.

## *Xallas*

O río Xallas presenta trazos de grande singularidade se o comparamos co conxunto fluvial galego, tanto polo carácter horizontal da maior parte da súa canle como pola súa peculiar desembocadura, que se realiza en fervenza.

A desembocadura do Xallas constitúe un punto de interese xeolóxico catalogado polo IGME. No catálogo deste Instituto, está descrita como segue (p. 74): (...) *O río Xallas, que a uns 10 quilómetros da desembocadura discorre por un val senil a unha altura de 280-320 m, sobre uns xistos relativamente brandos, encáixase fortemente; a un 200 m da súa desembocadura encóntrase aínda a 120 m de altura, e "salta" directamente ao mar. Este espectacular fenómeno parece ser único non só en España senón tamén en Europa.*

Despois de enunciarse unha serie de hipóteses sobre a orixe de tan raro fenómeno, o catálogo conclúe: (...) *En calquera caso, sexa cal for a súa orixe, o certo é que a desembocadura do Xallas constitúe un espectáculo realmente insólito, que ademais queda enmarcado nos espectaculares relevos graníticos do macizo do Pindo.*

## AS ÁRBORES

O bosque típico que se pode achar no percurso da Rota Pondaliana é o de frondosas caducas. Unha particularidade importante, en consecuencia, radica na súa variabilidade estética estacional.

A especie arbórea máis frecuente nos bosques galegos autóctonos é o carballo: o *quercus robur* (carballo) e o *quercus pirenaica* (cerqueiro).

Outras árbores presentes son o bidoeiro, o amieiro e mais o freixo (que aparece especialmente naqueles bosques situados á beira dos ríos). O bosque tradicional galego, que nalgún momento debeu cubrir case toda Galiza, cedeu progresivamente paso a especies de maior rendemento produtivo que acabaron por conformar outros tipos de bosque, xa non só con valor paisaxístico diferente, senón tamén con ecosistema moi distinto, cos conseguintes cambios na fauna e na flora que acubilla.

A figueira, árbore de tronco corto e goso que dá froito de unha a tres veces no ano, ten unha ampla copa de escasa altura, medrando as ramallas inferiores horizontalmente mentres que as superiores o fan verticalmente. É unha especie resistente que pode vivir, pois, tanto en hortas como en secaño. A costa da Morte, aínda no século XIX, estaba poboada por extensos figueirais dos que se afirma que, mesmo, cubrían o monte Pindo.

O piñeiro do país (*pinus pinaster*) existe en Galiza desde hai 10.000 anos. Actualmente é unha especie moi estendida, tanto por ser a súa área de expansión natural todo o país galego como por ser a especie, xunto co eucalipto, que desde hai 200 anos está a ser repoboada por todo o territorio. O seu rápido crecemento e, por tanto, a súa rendibilidade económica, son os dous factores explicativos da súa preponderancia actual na paisaxe galega.

O carácter dominante do piñeiro non é fenómeno recente. Pondal converte esta especie arbórea nun dos elementos básicos da súa lírica, conferíndolle un alto valor simbólico que culmina no poema Os pinos, que chegou a converterse no Himno Galego.

## FITOS DA ROTA PONDALIANA

### ESPAZOS NATURAIS

#### *Branco (monte e dunas) e Insua (enseada)*

O monte Branco e mais o seu contorno é un punto fundamental na xeografía lírica pondaliana. Aquí é onde o bardo (*alter ego* de Eduardo Pondal) pide ser enterrado:

*Cando xazan do cisne  
os febrentos desposos,  
sobre do verde da ribeira escura,  
e xa non se ouza o canto harmonioso  
dádelle sepultura  
no promontorio aquel, areoso e vougo,  
onde o Anllóns, o seu nativo río,  
(que el máis amou de todos),  
da peregrinación antiga súa  
e do longo traballo acha repouso.  
Que diga o mariñeiro,  
rudo fillo do Osmo,  
ó entrar pola Barra,  
volvendo o escuro rostro:  
"Alí xaz o que fora  
noutro tempo cantor do eido noso" (QP 58)*

O monte Branco, *da boca do río Anllóns* (PI 9.28), cos seus 170 m de altitude, é unha parte do amplo complexo xeomorfolóxico e ecolóxico que constitúen o esteiro do Anllóns (denominado enseada da Ínsua) e a Barra areosa (areal de Funtín), onde se aprecia actualmente unha importante formación dunar.

A singularidade do lugar débese a moitos factores e vai alén dos seus innegábeis valores estéticos e paisaxísticos. Desde o alto do Branco enxérgase unha fermosísima vista panorámica dos arredores; este cume asistiu poeticamente a un épica batalla:

*Na cima do monte Branco,  
Corcoesto e Gondomil,  
loitando cos feros mouros,  
mortos quedaron alí.  
-iMonte Branco, monte Branco!,  
¿que che fixen eu a ti?  
¡Ouh, monte Branco, ti es  
monte negro para min! (PI 28.9-16)*

Xeomorfoloxicamente, o monte Branco é un relevo sobre o que subiron as áreas do praiado noutros períodos xeolóxicos, cando os fortes ventos dominantes transportaban area desde a praia nun proceso de erosión eólica. Hoxe este monte non é tan branco como antigamente debido ás artificiais alteracións que sobre o proceso natural de erosión ten a forte extracción de árido:

*Monte Branco: Así chamado polo branquísimo manto de area en que se mostra constantemente embozado. Vese desde moitas partes da comarca, e é tomado como sinal polos navegantes. (VT)*

Ecoloxicamente, o areal e o xuncal teñen un alto valor, especialmente ornitolóxico, cunha grande presenza de aves acuáticas invernantes (limícolas e anátidas), que atopan no lugar acubillo e mantenza.

No esteiro, protexido pola Barra, os feraces limos dunha zona onde se mestura a auga doce coa salgada, manteñen inmensas bandadas de limícolas (pirlos, mazaricos, agullas, etc.)

Esta fauna aparece poetizada polo poeta bergantiñán, que se centra na figura do mazarico:

*¡Ouh, mazarico!, que cantas  
no xuncal vougo e sombrizo,  
non ergas tan triste pranto,  
non cantes máis, mazarico:  
como fouce de ferro aguzada  
mesmo na alma te sinto.  
Antre as espesas canizas  
do angueiro húmedo e frío,  
non cantes máis compañeiro,  
compañeiro mazarico:  
como fouce de ferro aguzada  
mesmo na alma te sinto.  
As esperanzas fallaron,  
as alegrías fuxiron,  
o corazón está deserto...  
Non cantes máis, mazarico:  
como fouce de ferro aguzada  
mesmo na alma te sinto. (PI 21)*

Esta mestura de augas, xuntamente coa actividade biolóxica xerada polas mareas, permiten o inzamento de todo tipo de invertebrados nos areais (que mesmo chegan a escurecer algúns lugares por mor da cantidade de materia orgánica que posúen).

A vexetación dunar está composta por plantas fixadoras de area (feo de praia, cardo da ribeira, herba de namorar e pirixel de mar).

No xuncal viven a londra, tourón, o rato de auga e alavancos reais.

O interese, pois, do conxunto formado polo monte Branco e mais o esteiro do Anllóns ultrapasa a súa inclusión na Rota Pondaliana.

### ***Faro (monte)***

O monte do Faro constitúe un punto de grande interese por permitir a contemplación do contorno pontecesán, referencia inevitábel e continua no perfil biográfico do Bardo e na súa xeografía literaria.

A este monte sóbese por unha pista que parte do quilómetro 5 da estrada Brantuas-Corme; tras atravesar uns mestos piñeirais, chegase á cota 229, onde a carón dunha vella ermida consagrada á Nosa Señora do Faro, se alza un alto monumento votivo erixido -cun varudo formigón- por un devoto local nos anos 50.

A panorámica é sorprendente ao tempo que ampla. Pódense ver Corme a súa ría, o val de Brantuas, as enseadas da Barda e de Niñóns e mais a punta de Nariga.

### *Ferreira (alto)*

Nas proximidades do núcleo da Agualada, por unha pequena entrada que parte da C-550, pola súa marxe esquerda, chegamos ao alto de Ferreira tras atravesar unha aldea de construcións anódinas.

Neste alto existe unha capeliña, un cemiterio e mais un cruceiro, pero o seu interese radica na posibilidade de contemplación de amplas zonas da Terra de Bergantiños cara ao norte. Cunha altura de 312 m con relación á Agualada (290 m), o que posibilita a visión panorámica e o afundimento relativo da bacía do Anllóns (250 m de altitude media) polo norte:

*Virxe garrida que tendes  
vosa capilla ben feita,  
onde fan seu niño as aigas  
sobre o alto da Ferreira,  
e gozás da vosa altura,  
e vedes a longa terra  
de Bergantiños tendida  
no chan dos antigos celtas: (...) (QP 12.20-27)*

### *Mórdomo (lagoa, dunas e figueiral)*

*Cando te vexo me acordo  
de quen non podo olvidar,  
jauh, figueiredo de Mórdomo,  
de Mórdomo, ouh, figueiral!  
A túa garrida sombra,  
aló no medio do v'ran,  
vista de lonxe parece  
que dá frescura e zolás.  
Debaixo das túas follas  
hai un garrido areal,  
cunhas areas tan brancas,  
que vén da beira do mar,  
que a quen te mira convidan  
ó sono..., e outras cousas máis.  
Reina dentro do teu seo  
silencio tan xogoral  
que tan só, de cando en cando,  
se oi o garrido compás  
das túas follas compridas  
ca doce brisa do mar,  
ou o pío, se se ofrece,  
dun paxariño quezais.  
O cansado camiñante,*

*que vai co calor do v'ran,  
ó verte de lonxe di:  
"De Mórdomo o figueiral"  
E pasa adiante, ben triste,  
porque non pode parar.  
Non, non é na súa casa  
nin á vista de seus pais  
onde se buscan as nenas  
para con eles falar;  
mais debaixo das túas follas,  
onde testigos non hai.  
¡Ouh, figueiredo de Mórdomo,  
de Mórdomo, ouh, figueiral! (QP 46)*

Deste xeito Eduardo Pondal dá categoría poética a este lugar, que conserva o derradeiro figueiral da Costa da Morte. Está situado no areal de Traba, parcialmente soterrado baixo as dunas.

Mórdomo (Nande, Laxe), situado no punto de encontro entre o val de Traba e o mar: a unión prodúcese a través dunha importante formación dunar onde aínda é posíbel a contemplación dun illó, a lagoa de Traba. É unha aldea que se caracteriza polo seu grande tamaño e pola súa morfoloxía cerrada. No tecido arquitectónico de Mórdomo aínda se poden achar restos de edificacións de certo interese, singularmente unha casa grande con aparello de cantaría e escudo de armas. A pesar disto, a degradación visual é notoria.

O interese de Mórdomo xustifícase pola súa pertenza a unha área de elevados valores paisaxísticos, ecolóxicos e xeolóxicos.

Desde o adro da igrexa de San Simón de Nande, a 75 m de altitude, enxérgase en ampla vista panorámica todo este val:

*¡Ouh, terra de San Simón  
de Nande, vizosa terra,  
morra eu primeiro sin verte  
antes que de ti me esqueza! (QP 18.63-66)*

### ***Nariga (punta)***

Esta punta costeira, situada no concello de Malpica, preto xa do seu límite co de Ponteceso, é un cabo no que a paisaxe se mantén virxe debido ao imposible acceso rodado en vehículos convencionais.

A vexetación é escasa, como corresponde a unha zona moi batida do vento húmido e salgado:

*Os verdes anos primeiros  
foxen como o vento soán,  
do esquivo cabo Nariga  
antre o espeso matorral. (QP 30.95-98)*

A liña costeira está conformada na súa totalidade por ásperos cantís, suaves os da súa cara oeste e abruptos polo leste:

*Non preguntes por que causa*



*o fero mar desfigura,  
co eterno e rudo combate,  
de Nariga a ruda punta (QP 87.49-53)*

### **Niñóns (areal)**

O areal de Niñóns aparece ao fondo dunha estreita enseada de cantís graníticos. A súa singularidade radica na posición a respecto das terras circundantes por se agachar tras dun pequeno montículo que se introduce até o centro da praia.

O lugar merece unha alta valoración non só polo beleza paisaxística mais tamén por ser un dos poucos espazos que conservan o mesmo espírito que hai 100 anos inspirara ao poeta versos como:

*parece un pino leixado do vento,  
parece botado do mar de Niñóns*

en clara alusión aos frecuentes naufraxios que motivaron cruces sobre o contorno rochoso da praia, aínda presentes hoxe.

Situada a carón do camiño que enlaza a praia do *salvaxe* val de Brantuas aparece, orientada cara ao mar, a igrexa de Niñóns. O seu interese radica no carácter de termo dun viacrucis que parte da aldea de Brantuas.

Por outra banda, encontramos ao pé da igrexa outros elementos de valor etnográfico: o lavadoiro de cantaría e mais un carril pavimentado de grandes lousas graníticas.

Este conxunto (igrexa, lavadoiro, camiño) está realizado pola súa situación illada e distante doutras construcións, nun pequeno val que morre en soidade no mar.

### **Sisargas (illas) e Santo Adrián (cabo)**

As Sisargas son un pequeno arquipélago formado por tres grandes illas (de maior a menor: Sisarga Grande, Malante ou Atalaxeiro e Sisarga Chica, que é a máis próxima ao cabo de Santo Adrián) e mais numerosos illotes e cons.

Na Sisarga Grande, ademais do faro, permanecen os restos da ermida de Santa Mariña, derrubada polos normandos.

Os aspectos máis salientábeis das illas son os paisaxísticos, ecolóxicos e xeolóxicos.

Da importancia ecolóxica das Sisargas xa fala en 1948 o ornitólogo Bernis, cando manifesta que se as illas fosen protexidas con algunha clasificación ecolóxica acabarían por se encheren de aves mariñas. Segundo o citado autor, non existe outro hábitat galego tan favorábel para a reprodución das gaivotas e a reinstalación de especies desaparecidas e raras. Lémbrense os versos pondalianos:

*Muitas veces nos matos nativos,  
no crepúsculo fusco e calado,  
se escuita das aves  
o rápido paso:  
das aves aquelas,  
do pico tamaño,  
que són retirarse  
cos rudos traballos,*

*de escollos e praias  
do fero oceano,  
e van en ringleira,  
gritando e voando,  
en demanda das illas Sisargas,  
seu noto reparo. (QP 4.1-14)*

O arquipélago, carente de vexetación arbórea, acubilla no actualidade unha avifauna importante.

Desde unha perspectiva xeolóxica, as Sisargas conforman, conxuntamente co cabo de Santo Adrián, un punto de interese xeolóxico, así catalogado polo IGME; máis especificamente, é cualificado como de interese xeomorfolóxico e científico.

Citando literalmente o catálogo (p. 68) do IGME, (...) *nas proximidades do Cabo de Santo Adrián pódense realizar un bo número de observacións de interese (...)*

- 1. Praia de Seaia. Obsérvanse dunas e placas eólicas incipientes.*
- 2. Ermida de Santo Adrián. Obsérvanse diversos niveis de rasa, que se consideran moi importantes para o estudo da evolución do Cuaternario en Galiza.*
- 3. O itinerario discorre en dirección leste-oeste, ofrecendo inmemorábeis (sic) panorámicas das illas Sisargas.*  
*(...) Distínguese claramente unha superficie rasa situada a 100 m, sobre o nivel do mar (...)*  
*(...) Pódense realizar ademais interesantes observacións nos ortogneises que afloran neste sector do Cabo (...)*

Paisaxisticamente, o conxunto cabo-illas presenta grande interese por canto supón un sector de costa, practicamente virxe, no que a Natureza resulta espectacular.

O cabo é un magnífico miradoiro sobre un amplo sector costeiro.

A zona sofre algúns impactos negativos: as pedreiras abertas -aparentemente abandonadas- no monte de Santo Adrián. Todo isto acrecentado por un gradual e brutal proceso de urbanización.

### ***Traba e Pasarela (penedos)***

Os penedos de Traba (vid. Elementos Arqueolóxicos) xuntamente cos de Pasarela (que constitúen a súa prolongación xeolóxica polo Sueste) son un afloramento rochoso de sorprendente arquitectura. A pesar de non estaren incluídos no inventario de Puntos de interese xeolóxico do Instituto Geolóxico y Minero de España, estas imponentes formacións de rochas plutónicas básicas teñen a súa importancia local e a súa incidencia nas condicións agrícolas do val, no seu carácter regulador da acidez dos solos circundantes.

A altura deste conxunto supera en moi poucos puntos a cota dos 300 m sobre o nivel do mar (monte das Quenllas, 313 m), mais esta escasa elevación non impide que desde o seu cumo se poida enxergar unha ampla panorámica das terras circundantes e, mesmo, lugares distantes como a torre de Hércules.

Estas penedas forman unha unidade de grande valor paisaxístico. É importante salientar que aos penedos de Pasarela se pode chegar sen dificultades en coche. Isto permite a visualización de pequenas aldeas e vales intensamente cultivados, integrados entre os cumes rochosos.

Os penedos de Pasarela son o motivo xeográfico dun brevísimo poema amoroso de Eduardo Pondal:

*¡Penedos de Pasarela,*

*cando vos vexo, penedos,  
suspiro de amor por ela! (QP 15)*

### **Verdes (conxunto)**

Este punto é un dos máis salientábeis da sub-rota de Coristanco. A Verdes accédese desde Cereo Vello por unha estradaña que pasa nos seus primeiros metros a carón dun notábel pazo. Deixando a aldea, atravesase o Anllóns e a feraz vexetación das dúas marxes e chégase ao val de Verdes.

Perante os ollos móstrase unha fermosa paisaxe agrícola clásica, practicamente intocada, co pequeno núcleo de Verdes, situado nun alto próximo ao río, e unha finca amurallada que circunda un pazo coas súas construcións anexas. A presenza do río intúese lonxe baixo unha cortina arbórea onde predominan os carballos.

Desde Verdes parte un camiño que baixa cara a un couto troiteiro polo que se chega aos muíños verdesiáns. Este conxunto muíñeiro constituído por máis de dez unidades está situado nun lugar onde o río se encaixa entre dúas paredes graníticas, adquirindo grande pendente e, consecuentemente, unha poderosa forza motriz.

O conxunto, inactivo actualmente, dos muíños e a súas construcións auxiliares (canles, presas, pontellas, etc.) xuntamente coa flora (carballos, amieiros, bidoeiros, piñeiros, etc.) desta congostra convértena nun lugar de enorme atractivo e grande interese paisaxístico, ambiental e etnográfico.

### **Vilán (cabo)**

O cabo Vilán e o seu contorno acumulan moitas cualificacións oficiais de carácter proteccionista. O interese real da zona xustifica perfectamente estas declaracións, e aínda máis se considerarmos a existencia doutros elementos como o Cemiterio dos Ingleses, construído en 1890, no cabo de Tosto. Este camposanto, actualmente en estado ruinoso, é un símbolo perfecto das modestas relación neocoloniais que Galiza sostivo con outros países.

Este cabo, denominado poeticamente *Ougal* polo *bardo do nobre andar*, / *de ollos negros como a ala / do corvo do cabo Ougal*, é motivo recorrente e central en *Queixumes dos pinos*:

*¡Oh, canta luz eu vexo,  
que na futura edá  
da túa frente sae,  
xente de Breogán,  
como soe antre as brétomas  
a luz do cabo Ougal,  
que cos seus longos cornos  
centelleando está,  
e ós ousados e vagos navegantes  
é seguro sinal! (QP 45.141-150)*

## ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

### CASTROS

O castro podería ser definido como un recinto fortificado de forma variábel (oval ou circular) cun ou varios muros concéntricos precedidos xeralmente do seu correspondente foxo e situados, na súa maior parte, en cumes.

Existen arredor de 5.000 castros moi espallados por todo o territorio galego. Adquiriron unha grande significación no campo mítico-folclórico que se remonta ás súas orixes e que aínda hoxe sobrevive baixo formas diversas: lendas, tesouros, feitizos, encantamentos zoomórficos, etc. Nesta mitoloxía destaca pola súa extensión popular o aspecto lendario dos *mouros* como habitantes dos castros.

Por outra banda, o castro é habitualmente un lugar de asentamento, reiterado ao longo da historia, de numerosos núcleos de poboación.

Canto ao seu hábitat, características xerais e situación, debemos diferenciar o castro costeiro (normalmente un pequeno cabo que se afasta da terra firme por foxo e murallas) e o castro interior (xeralmente no cumo dun pequeno monte próximo a un río ou regueiro). Están construídos co material máis abundante no lugar en que se asenta, axeitándose ás características topográficas do sitio, ao contrario do que sucede no resto da Península. Os castros propiamente ditos son aqueles caracterizados como refuxios e non habitados, posto que aqueloutros de asentamento permanente son chamados, con máis exactitude, citanias.

As construcións defensivas que rodean os castros (foxos, terrapléns, murallas e pedras fincadas) a modo de fortificacións presentan dimensións desproporcionadas en relación ao tamaño dos recintos.

É incerta a data en que os castros foron abandonados, aínda que as escavacións mostran que os máis deles non deberon sobrevivir á conquista romana. Algúns mostran signos de romanización e outros sobreviviron despois da mesma acadando nalgúns casos a Idade Media ou, mesmo, chegando á actualidade; este é o caso do castro Nemenzo. Como ten dito Otero Pedrayo no seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, os castros, "*vestidos pola humilde vexetación benquerida dos rebaños ou por coroas rumorosas de castiñeiros e piñeiros, son perenne testemuña da íntima comunión do celta coa terra que ten e domina. Nunca estraños á paisaxe, están esculpados no relevo e na alma da raza*".

### *Borneiro*

É un importante castro, descuberto en 1924 por Parga Pondal e Pérez Bustamante, dotado dunha acrópole que mide 90 m no seu eixo norte-sur e 55 m no transversal. O poboado protexíase por varias liñas de murallas e muros trazados sen un claro criterio compositivo. A súa parte superior tiña unha muralla continuada que actualmente presenta tres cortes. Mentres na parte sur e oeste fican vestixios dun foxo, noutras direccións consérvanse muros defensivos e de contención rodeando a terraza que substitúe o foxo. A muralla ten unha anchura variábel (70-180 cm) e unha altura media de 3,80 m.

O seu aparello é moi pobre, de cachotaría de laxes de xisto e pedras miúdas.

O único acceso ao recinto está na ampliación que a partir do castro inicial tivo lugar polo leste. Esta porta, da que parte un camiño de laxes que conecta coa porta interior da acrópole orixinaria, ten a forma dunha abertura sinalada por catro gonzos encastrados nos muros.

Hoxe en día sabemos que o castro de Borneiro, mercé ás análises feitas con carbono 14, foi fundado no ano 520 a. C. Con todo, é posíbel que aínda fose habitado antes da Idade de Ferro, hipótese que se pode estender á maior parte dos asentamentos castrexos.

Tras unha análise dos restos achados, pódese concluír que probabelmente foi abandonado o castro coa chegada dos romanos.

### *Brandomil*

Localizado en Brandomil (Zas) xunto ao río Xallas (*¡San Pedro de Brandomil, / na probe terra de Xallas, / canto hai que non te vin!, [QP 55]*), parece ter sido unha importante estación romana posto que aparecen evidentes sinais de romanización. O castro, a pesar de non mostrar exteriormente restos arqueolóxicos materiais, manifestase claramente debaixo das explotacións agrarias que o agachan.

Trátase dunha plataforma de carácter circular, dun 60 m de diámetro, situada no cume dun outeiro que ofrece a súa aba máis pina cara ao río Xallas. Completa o conxunto un pequeno terraplén (3 m de alto aproximadamente, medidos desde o interior do castro) que a modo de muralla o protexe nos puntos onde o río non pode exercer esa función.

Próximo a este lugar (en pozo Limideiro) existen algúns vestixios de romanización que foron estudados por Manuel Murguía: restos dunha explotación mineira e unha lápida con inscrición.

### *Cidá, A*

Tamén localizado na área de Borneiro (Cabana), este castro da Cidade é un dos máis coñecidos de Galiza por ter sido escavado e mais estudado frecuente e profundamente desde 1933 até a actualidade.

Está situado nun punto de fácil acceso na aba dun monte, a 200 m de altitude sobre o nivel do mar, na extrema do chan de Borneiro, xustamente entre as terras de Soneira e Bergantiños, á beira dun pequeno val que baixa por unha pendente moi inclinada (barranco do Roncadoiro), cara ao río Anllóns.

A súa importancia transcende os achados arqueolóxicos que nel se teñen producido (muíños de man, doas, fibelas, pezas de bronce, etc.), posto que é un magnífico e didáctico exemplo da máis primitiva forma de agrupación humana en Galiza. A Cidá, coas súas vivendas amoreadas, ruelas, espazos comunais e completo sistema defensivo, -con peitoril, portas, etc.-, ten unha relevancia excepcional para a comprensión das nosas orixes.

### *Oca*

Emprazado en Oca (Coristanco), este castro está situado non curuto moi próximo á estrada A Coruña-Fisterra:

*E ti, castro antigo de Oca,  
ben te conozo, antre a brétoma (QP 12.46-47)*

Carece de referencias arqueolóxicas xa que non foi escavado cientificamente. Agora ben, topograficamente móstrase con clareza a súa presenza, a pesar da plantación do eucaliptos que o cobre.

O lugar é un miradoiro excepcional sobre a terras chas circundantes, especialmente do círculo coristanqués dentro das terras pondalianas.

## DOLMENS

O dolmen (popularmente coñecido na terra pondaliana como *arca*) é un moimento megalítico prehistórico formado por grandes laxes verticais e unha horizontal que serve de cubrición. Os dolmens galegos forman normalmente unha única cámara de planta rectangular, poligonal ou paracircular. Este monumento é chamado *anta* (vocábulo adoptado por numerosos especialistas) cando as pedras do sepulcro son visíbeis entre a terra do túmulo.

A maioría das arcas ou antas sufriron ao longo da historia graves espoliacións, as máis das veces na procura de hipotéticos tesouros, como mostran o variado conxunto de lendas e tradicións que rodea estes monumentos.

Nas terras pondalianas hai dous tipos de dolmens, que teñen en común o feito de seren sepulcros poligonais sen porta e que se diferencian pola presenza ou ausencia dun corredor de acceso e mais polas súas dimensións: os primeiros presentan maior volume do que os segundos.

Cronoloxicamente, pertencen ao período Neoneolítico (3.600 a 2.600 a. C.). Mercé ao carbono 14 pódese afirmar que as antas máis antigas son as de planta poligonal simple e as máis modernas son as dotadas de corredor de acceso.

As cubertas da cámara son sempre monolíticas, pero o número de laxes varía (6 ou 7), o mesmo que a altura.

Xunto a estas construcións funerarias de carácter colectivo aparecen enxovais depositados como ofrenda mortuoria, consistentes en útiles de pedra e cerámicas (machados, muíños de man, vasos, discos, doas, etc.).

Otero Pedrayo no seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega* afirma que "*o dolmen illado, mais non estraño, na soidade da montaña é o primeiro tratamento arquitectónico que o granito e a pedra galega sofren*". Nel "*o pobo celta soubo tallar nos cumes a primeira e a súa esencial figura imaxinada*".

### *Casota de Freáns*

Este dolmen, situado en Berdoias (Gambada, Vimianzo), seguramente por estar moi próximo ao lugar de Ogas e Verdeogas, tamén en Cambeda, é chamado repetidamente "arca de Ogas" por Eduardo Pondal:

*Mira, estate quedo, Mouco,  
Mouco, non me fagas mal;  
se me soltas che prometo,  
me obrigo de che contar  
quen repousa na arca de Ogas  
desde a nosa antiga edá.  
Mon me prénda-la faldra de brétoma,  
deixame Mouco, vagar (QP 31.11-18)*

Ogas, enterrado na Casota de Freáns segundo a mitoloxía pondaliana, é tamén o pai de Brandomil, á súa vez enterrado na arca antiga da Piosa:

*¡Ouh, valente fillo de Ogas  
e da doce e nobre Eiriz,  
para sempre quedará  
longa memoria de ti! (QP 33.27-30)*

A Casota de Freáns é un dolmen de dimensións reducidas, que non foi escavado cientificamente, formado por tres pedras verticais e unha horizontal. Está situado nun lugar chaira en pleno campo.

### *Dombate*

Localizado no chan de Borneiro (Cabana), a 200 m de altitude, ten unha estrutura megalítica que consta de 7 lousas verticais e unha horizontal de cobertura. Presenta un pequeno corredor orientado ao poñente do que se pode ver un pequeno ortóstato e parte da cuberta. A cámara mide 4x2,5 m de diámetro. Tres dos ortóstatos desta aparecen gravados con figuras xeométricas de bases serpeantes.

Polas súas dimensións (4x3,50 m) é un dos maiores e máis importantes dolmens galegos. Eduardo Pondal, consciente desta importancia, dedícalle un longo poema que evoca o camiño que facía de neno cando ía estudar á reitoral de Nemiña:

*Aínda recordo, aínda,  
cando eu era estudante,  
garrido rapacete  
que ben rexerse sabe,  
cando iba pra Memiña  
a estudar o arte  
do erudito Nebrija  
e do bo Villafañe,  
que iba a cabalo, ledado,  
como fan os rapaces.  
Pasado Vilaseco,  
lugar batido do aire,  
no alto da costa de Ures,  
de montesía canle;  
pasado Vilaseco,  
indo p'la gand'ra adiante,  
xa vía desde lonxe  
o dolmen de Dombate.  
Deixando Fonte-Fría  
cara o lado de Laxe,  
e levando o camiño  
de San Simón de Nande,  
polo chan de Borneiro  
de cativos pinales,  
cuase pasaba a rentes  
do dolmen de Dombate.  
Quedaba o misterioso  
fillo doutras edades  
c'a súa antiga mesa,  
c'as súas antigas antes,  
no seu monte de terra,  
non alto e ben roldante,  
poboado en redondo  
de montesía estreme,*



*de pequenas queiroas  
e de toxos ben grandes,  
como calada esfínx  
que, sublime, non fale;  
como náufrago leño  
de soberbio cruzamen,  
lanzado sobre a praia  
por potente oleaxe,  
que de pasada rota  
mostre rudas señales,  
e mostre aberto o flanco  
por glorioso combate  
e con linguaxe mudo  
das súas glorias fale;  
¡Canto, aí, mudar pode  
longa e vetusta idade!  
Entonces eu deixando  
ambas rendas flotantes,  
pensoso iba cuidando,  
p'la Viqueira salvaxe,  
nos nosos xa pasados,  
nos celtas memorabres,  
nas súas antigas glorias,  
nos seus duros duros combates,  
nos nosos vellos dolmens  
e castros verdexantes,  
E despois a Nemiña,  
ou que fose ou que tornase,  
ó velo desde lonxe,  
indo p'la gand'ra adiante,  
sempre ledo escramaba:  
"¡O dolmen de Dombate!".  
Agora que pasano  
meus anos xogorales,  
agora que só vivo  
de tristes suidades,  
que cumpro con traballo  
meu terrenal viaxe  
e que a miña cabeza  
branquea a grave idade,  
aínda recordo, aínda,  
o dolmen de Dombate. (DD)*

### **Piosa, A**

Situado en Muíño (Zas), nun lugar de moi difícil localización, este megálito está aínda cercado por parte da mámoa e conserva parcialmente o túnel de entrada así como o resto dos elementos que lle son característicos.

Nesta arca, o poeta enterra ao valente Brandomil:

*Arca antiga da Piosa,  
o vento, que é triste oír,  
funga nas esquivas uces  
que están ó redor de ti,  
e pasa antre eles brüando  
con un dorido xemir,  
debaixo das túas antes  
'sta o valente Brandomil,  
non no olvido, mais nos brazos  
do eterno e doce dormir:  
ten ó seu lado dereito  
o elmo dourado e xentil,  
o escudo e a dura lanza,  
onde o sol soia ferir,  
e con pracer os celtas contempraban  
de Xallas no ermo confín. (QP 33.11-26)*

## OUTROS

### *Traba (penedos)*

Algúns autores sitúan nos penedos de Traba (vid. Espazos Naturais) as Aras Sextianas (altares romanos para sacrificios rituais) que foran citadas polos xeógrafos do século II, Plinio e Ptolomeo.

A pesar de que non hai probas científicas que permitan sustentar con rigor esta existencia, o certo é que algúns dos penedos presentan figuracións antropomórficas e zoomórficas, ademais doutras curiosas feitura:

*aquela é a torre de Traba,  
que desde lonxe branquea (QP 12.42-43)*

A súa orixe natural está clara; que estas formas fosen traballadas por man dos homes non está aínda demostrado nin pola arqueoloxía nin pola historiografía.

### *Pedra da Serpenta*

Localizada en Gondomil, outro personaxe da lírica pondaliana (PI 28) (Ponteceso), a coñecida como *Pedra da Serpenta* é un relevo nun penedo que representa unha serpe con asas, probabelmente labrada na época romana pero de tradición moito máis antiga (seguramente relacionada cos cultos ofiolátricos celtas).

En 1976 puxéronlle enriba a cruz actual substituíndo outra máis antiga que tronzou accidentalmente.

A lenda que acompaña esta *pedra* conta que, estando aquela terra chea de serpes que amolaban os habitantes da zona, chegou a Santo Adrián cos romanos. Coa axuda do santo desapareceron as serpes ficando a pedra como recordatorio deste sucedido.

Preto da ermida de Santo Adrián, en Malpica, nun rochedo que só é visíbel na baixamar, existe outra pedra cunha serpe labrada e unha cruz cravada. Como era de esperar, as lendas con ela relacionadas aparecen ensarilladas coas da Pedra de Gondomil.

## PONTES

Este enxeño arquitectónico é unha das construcións de maior utilidade en que se acumula unha serie de valores relevantes. Así, as pontes antigas son hoxe testemuñas tanto da época da súa construción como dos camiños que nelas procuraban a salvación dos ríos ou dos barrancos.

As pontes e estradas do País nacen maioritariamente en tres grandes momentos históricos: a romanización, o reinado de Isabel II e a segunda metade do século XX.

Son os romanos os primeiros que trazan ao longo do territorio -con evidente afán colonizador- a primeira rede de comunicacións. Durante os quince séculos seguintes, esta rede pouco aumentou e cando o fixo foi sen ningún xeito e con escasa calidade técnica. Deste xeito, mediado o século XIX, cando se poñen as bases do estado, a nosa nación está articulada sobre a base dunha mesta rede de camiños rurais. En 1860 Celedonio Uribe deseña a primeira rede moderna de camiños, pontes, portos e sinais marítimos de Galiza. Até ben entrado o século XX e, sempre arrastrado polo precipitado desenvolvemento económico, non se formula a acomodación desta rede decimonónica ás necesidades contemporáneas.

As terras pondalianas (Bergantiños, Soneira e Xallas), por ficaren afastadas desta renovación, conservan hoxe parte das obras de fábrica daqueles vellos camiños, se ben estes últimos case desapareceron na súa maioría por teren sido construídas sobre eles as novas vías. Desta maneira, aínda é hoxe posíbel contemplar pontes tan fermosas como a de Arantón, Dona (cos seus accesos orixinais), Brandomil e mais a de Ponteceso.

Estas catro pontes son de orixe moi diversa xa que van desde a romana de Brandomil -reformada na Idade Media- até a de Ponteceso e Arantón, decimonónicas, pasando pola ponte Dona, de concepción popular.

### *Brandomil*

É unha ponte medieval, restaurada en 1989, de orixe romana que continúa a calzada número XX *per loca maritima* do itinerario de Antonino. Deste punto partía un ramal cara ao Norte que, pasando pola importante estación romana de Tines (Vimianzo), chegaba a Ponteceso.

Consta de catro arcos de medio punto, desiguais, que presentan un pequeno abucine. Os apoios están dotados de tallamares angulares na banda onde atacan as augas, sendo rectangulares na outra. O adarve está pavimentado con grandes laxes graníticas rectangulares que presentan refuxios sobre os contrafortes e un varudo peitoril. O conxunto está construído con cantaría granítica.

Os dous arcos centrais da ponte desapareceron a consecuencia da enchente do Nadal de 1989.

### *Dona*

Augas abaixo do Anllóns (intuíndose a arredada presenza dos rochedos de Verdes) atopamos un pequeno val atravesado de medio a medio polo río. Perpendicularmente, crúzao un vello camiño real coa ponte Dona, de interesante traza e significativo valor.

Esta ponte, nomeada no poema que resume descritivamente a Terra de Bergantiños (QP 12), está composta por piares de cachotería con tallamares de cantaría, sobre os que se apoia un taboleiro alintelado, formado por grandes lousas graníticas (pontillóns).

Estamos perante un valioso exemplar nunha perspectiva arquitectónico-etnográfica, por canto se trata dunha ponte tipoloxicamente pura e esteticamente intocada, xa que posúe peitorís e o taboleiro é alintelado, observándose uns pequenos canzorros onde apoian os pontillóns á maneira de falso arco.

O camiño real está parcialmente pavimentado de grandes laxes graníticas, existindo tamén un aliviadoiro de cantaría destinado a botar as augas das cheas fóra do camiño.

### *Ponteceso*

Esta ponte, inmediata á que foi vivenda de Eduardo Pondal, é tamén un claro exemplar tipoloxicamente puro, aínda que nesta ocasión das pontes decimonónicas da rede de estradas do "novo Estado". Foi construída en 1846 substituindo unha anterior, probablemente romana, que estaría trazada sobre unha vía que uniría Malpica con Camariñas. Desta ponte primitiva non se conservan máis restos que uns muros ou diques, aínda visíbeis actualmente, na beira pontecesa do río.

O seu interese na Rota Pondaliana é elevado, xa que, independentemente das súas características arquitectónicas intrínsecas, é un elemento que condicionou e condiciona fortemente a paisaxe da vila nativa do Bardo.

Ademais, a ponte, como elemento de unión entre ambas as marxes do Anllóns, constitúe en si mesma rota pondaliana utilizada polo propio poeta.

## NÚCLEOS

### *Anllóns, San Fins de*

É unha parroquia de Ponteceso, situada na marxe dereita do río que lle dá o seu nome, moi preto xa da súa desembocadura.

O núcleo non ten interese ambiental ningún a pesar de que a igrexa parroquial, sen a campá orixinal que se esnaquizou nunha treboada, conserva elementos notorios como a portada románica, o adro lousado e un cemiterio con nichos de cantaría de coidada labra.

Este lugar e a campa da súa igrexa ficaron consagrados no imaxinario pondalio co seu primeiro e mais coñecido poema galego:

*“E ti, campana de Anllóns,  
que, vagamente tocando,  
derramas nos corazóns  
un bálsamo triste e brando  
de pasadas ilusións  
Alá nos pasados ventos,  
primeiros da miña vida,  
oio os teus vagos concertos,  
reló dos tristes momentos  
da miña patria querida.  
¡Cantas veces te lembrou  
o que marchou para a guerra,  
cando a súa nai deixou,  
e partindo á estraña terra  
de Baneira te escuitou!  
¡Cantas, do mar africano  
cautivo bergantiñán,  
oio nun soño tirano  
o teu tocar soberano  
aló nas tardes do vran!  
Cando te sinto tocar,  
campana de Anllóns doente,  
nunha noite de lunar...  
rompo triste a suspirar  
por cousa dun mal ausente.  
Cando doída tocabas  
polas tardes á oración,  
campana, sempre falabas  
pavabras con que cortabas  
as cordas do corazón.  
Estabas contando ós ventos  
cousas do meu mal presente,  
os meus futuros tormentos,  
que dabas con sentimentos  
según tocabas doente.  
Campana, se polo vran  
ves lumiar na Ponte-Ceso  
a cachela de San Xoán,*

*dille a todos que estou preso  
nos calabozos de Orán,  
E a aquela rula inocente,  
que me morría de amor  
no regazo docemente,  
tembrando coma unha fror  
sobre escondida corrente,  
diraslle que unha de ferro  
arrastro, rouca cadea,  
castigo atroz do meu erro,  
e que dentro deste encerro  
o seu amor me alumea.  
E ti, golondrina errante  
dos longos campos de Arxel,  
se á miña terra distante  
te leva o voxo constante,  
dille o meu penar crüel;  
se alguén por min preguntar,  
dille que estou en prisións,  
e unha noite de lunar  
iraste unha ves pousar  
no campanario de Anllóns”  
Así, triste, en terra allea,  
nas prisións de Orán,  
cantaba un mozo da aldea,  
e nos grillóns da cadea  
levaba o compas ca man.  
“¡Oh, nai da miña vida,  
Adiós, adiós, meu pai;  
prenda de min querida,  
adiós, oh, miña nai!  
Sombras dos meus avós,  
río da Ponte-Ceso,  
pinal de Tella espeso...,  
acordavos dun preso  
como el o fai de vós.  
Campana de Anllóns,  
noites de lunar,  
luna que te pos  
Detrás do pinar,  
adiós...,  
adioos...,  
adioos...” (QP 79)*

Desde San Fins de Anllóns pódese enxergar (do outro lado do río) o Corno que unido a Picón, moi próximo a el, son dous dos lugares desde onde o cativo bergantiñán ouvía o tanxer da campá. (CA 141-142)

Subindo a San Fins pola estrada da Agualada, cruzamos -pouco antes de chegarmos ao núcleo- o río Anllóns por unha ponte de formigón carente de interese. Na súa marxe esquerda está emprazada a pequena e vella Central Hidroeléctrica de Caldas, que aínda continúa funcionando. Resulta de interese facer este desvío dado que o Anllóns se mostra, nun tramo

moi curto, alporizado primeiro e despois tranquilo, pasando dos rápidos aos amplos meandros sen apenas transición.

Aproveitan as derradeiras enerxías do grande río bergantiñán, ademais da devandita central, un magnífico conxunto de muíños.

### *O Aprazadiuro*

Arredor do monte Gundar emprázanse un grupo de aldeas que proporcionaron a Pondal a suxestión toponímica sobre a que constrúe parte da súa mitoloxía: o *nobre* bardo Gundar (QP 14.5, 14.41. 67.10), a *garrida*, *fuxitiva* e *doce* Rentar, con base en Rens, (QP 14.33, 14.93, 85.12), etc.

O punto de maior interese é o lugar do Aprazadiuro (Nande, Laxe). Esta aldea acolle na súa parte antiga diversas construcións salientábeis desde o punto de vista etnográfico-arquitectónico: capelas, vivendas, cruceiros, petos de ánimas, etc.

O granito, material básico de construción no lugar, aparece traballado de diversas maneiras: en fábricas de cantaría e cachotaría. Mesmo as propias rochas, alicerces da maioría das construcións, son moldeadas para serviren de esqueiras.

### *Morpeguite*

Morpeguite, aldea de Coucieiro (Muxía), dá nome a unha das personaxes femininas perfectamente caracterizada:

*Enganosa Morpeguite,  
fada do doce mirar,  
filla lixeira da brétoma,  
de corpo leve e lanzal,  
presurosa compañeira  
da virazón da miñán (QP 31.1-6)*

Está situada á beira da estrada Muxía-Cee, desenvolvéndose nun sarillo de rueiros, onde as vivendas unifamiliares aparecen sabiamente articuladas cos espazos libres tanto privados como comunais.

O bo estado de conservación da maior parte das casas -circunstancia extensíbel ás restantes construcións como lavadoiros, alpendres, eiras, muros, etc.- xuntamente coa ausencia case absoluta de elementos disonantes aconsellan o establecemento de medidas orientadas á conservación e mesmo á recualificación dos espazos máis degradados.

Morpeguite pode ser considerada como un exemplo paradigmático de aldea tradicional na xeografía pondaliana.

### *Nemiña*

En Nemiña, máis concretamente na súa reitoral, estudou o meniño Pondal os rudimentos gramaticais. Así o canta a fada Rouriz citando o nome e procedencia de numerosos compañeiros do futuro poeta (QP 26.9-20 e 27-36):



*O abrigo de vento circio,  
sentada o pé dos valados  
que hai nos Casás de Nemiña (QP 26.1-3)*

Xa vellote, desde os seus 60 anos, vólvenlle ao poeta as cousas do tempo pasado:

*Aínda recordo, aínda,  
cando eu era estudante,  
garrido rapacete,  
que ben rexerse sabe,  
cando iba pra Nemiña  
a estudar o arte  
do erudito Nebrija  
e do bo Villafañe (DD 1-8)*

Esta aldea de Muxía, degradada ambientalmente, ten como edificios máis destacados a igrexa parroquial e mais un grande casal cunha finca ben amurallada. Este, localizado en Vilela, parece corresponderse coa reitoral onde Eduardo Pondal recibía as leccións do párroco.

Vilela de Nemiña é unha aldea de rueiro moi compacta, con predominio das edificacións tradicionais sobre as novas tipoloxías. Aínda así, é evidente a degradación do conxunto.

|  |           |
|--|-----------|
| <b>ROTA PONDALIANA</b>                   | <b>1</b>  |
| <b>XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO</b>         | <b>2</b>  |
| SUB-ROTAS                                | 4         |
| Ponteceso                                | 4         |
| Coristanco                               | 4         |
| Nande                                    | 4         |
| Ría de Lires                             | 4         |
| Encoro da Fervenza                       | 5         |
| Muxía                                    | 5         |
| <b>TERRITORIO DA ROTA PONDALIANA</b>     | <b>6</b>  |
| AS TERRAS                                | 6         |
| Terra de Bergantiños                     | 6         |
| Terra de Xallas                          | 7         |
| Terra de Soneira                         | 8         |
| OS RÍOS                                  | 10        |
| Anllóns                                  | 10        |
| Xallas                                   | 11        |
| AS ÁRBORES                               | 12        |
| <b>FITOS DA ROTA PONDALIANA</b>          | <b>13</b> |
| ESPAZOS NATURAIS                         | 13        |
| Branco (monte e dunas) e Insua (enseada) | 13        |
| Faro (monte)                             | 14        |
| Ferreira (alto)                          | 15        |
| Mórdomo (lagoa, dunas e figueiral)       | 15        |
| Nariga (punta)                           | 16        |
| Niñóns (areal)                           | 17        |
| Sisargas (illas) e Santo Adrián (cabo)   | 17        |
| Traba e Pasarela (penedos)               | 18        |
| Verdes (conxunto)                        | 19        |
| Vilán (cabo)                             | 19        |
| <b>ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS</b>           | <b>20</b> |
| CASTROS                                  | 20        |
| Borneiro                                 | 20        |
| Brandomil                                | 21        |
| Cidá, A                                  | 21        |
| Oca                                      | 21        |
| DOLMENS                                  | 23        |
| Casota de Freáns                         | 23        |
| Dombate                                  | 24        |
| Piosa, A                                 | 25        |
| OUTROS                                   | 27        |
| Traba (penedos)                          | 27        |
| Pedra da Serpenta                        | 27        |
| PONTES                                   | 28        |
| Brandomil                                | 28        |
| Dona                                     | 28        |
| Ponteceso                                | 29        |

|                            |    |
|----------------------------|----|
| NÚCLEOS _____              | 30 |
| Anllóns, San Fins de _____ | 30 |
| O Aprazaduro _____         | 32 |
| Morpeguite _____           | 32 |
| Nemiña _____               | 32 |